



**A/A D. Valentín González Formoso, presidente.
A/A D. Xosé Regueira Varela, vicepresidente.**

Deputación Provincial da Coruña.

Prezados,

Dende Escena Galega (Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas) dirixímonos a vostedes con fonda preocupación nun momento de incerteza para o presente e futuro do sector cultural e, en especial, das artes ao vivo.

A crise sanitaria do Coronavirus/Covid19, cuxas consecuencias no eido da saúde e o benestar están sendo tan terribles, ten xa e terá no futuro a curto e medio prazo enormes consecuencias tamén na economía e desenvolvemento do tecido cultural e creativo.

A nosa asociación é un colectivo sectorial conformado por PEMES e profesionais autónomos/as que abrangue a 36 empresas galegas produtoras de artes escénicas, máis do 80% do tecido profesional galego que opera no noso territorio.

As nosas empresas asociadas traballan nun volume de case 300 empregos directos, sendo ademais o noso un dos sectores produtivos que máis redistribúe riqueza en termos de contratación, creación de emprego e gasto indirecto: unha función ou unha produción de teatro, danza ou novo circo artella toda unha cadea de activación económica en eidos tan diferentes como a restauración e o sector hoteleiro, a produción e construción de escenografías, a asistencia técnica ou o alugueiro de vehículos, por poñer algúns exemplos.

Nas cifras que manexamos, e elaborando unha previsión a escala ata o momento no que prevemos se levante o Estado de Alarma (metade do mes de maio), as artes escénicas profesionais galegas terán acumulado unha perdas só en termos de distribución e xiras que rondarán 1.285.000 €.

As distintas liñas de acción da Área de Cultura da Deputación Provincial da Coruña, nomeadamente a Rede Cultural, supoñen unha estrutura absolutamente fundamental para o desenvolvemento do sector escénico profesional galego, cunha carga orzamentaria a día de hoxe maior que estruturas e circuitos de contratación de ámbito autonómico. É por iso que nos diriximos a vostedes no convencemento de que dende a institución saberán poñer en valor en termos obxectivos o que o noso sector supón para a economía do territorio, e como as súas políticas, nun tecido no que a contratación é na súa inmensa maioría de promoción pública, inciden dende hai anos de maneira fundamental no sostemento do sector, e poden agora ser piar para a súa supervivencia.

Pero alén de parámetros económicos e de creación de emprego, o sector das artes escénicas é por natureza unha urdime de axentes, empresas e creadores e creadoras moi relacionada co desenvolvemento social e territorial da comunidade, e estamos



absolutamente seguros de que a creatividade e a arte serán factores fundamentais para a superación desta crise sanitaria terrible que terá fondas consecuencias na nosa sociedade. Poñémonos ao seu dispor para, en formatos e propostas innovadoras que teñan que ver cos contidos online, a dinamización do patrimonio, o repensamento do espazo público para a socialización ou as novas formas de difusión cultural por medio das redes sociais, ser canle de conexión coa cidadanía e axentes fundamentais para a volta á normalidade.

As artes escénicas profesionais galegas somos un sector económico e creativo que, hoxe máis que nunca, temos moito que ofrecer.

Agardamos poder seguir a traballar man a man coa Deputación Provincial da Coruña para que, dure este momento o que dure, o teatro, a danza e o novo circo galegos sigan aí no día seguinte.

Reciban un cordial saúdo.

Asdo.: Juan Rodríguez Santiago, presidente de Escena Galega.